



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2008.

<u>Sres. Asistentes.</u>	
<u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> D ^a Maria Victoria Montenegro Paz. D ^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. Francisco García Prego. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D ^a Josefina Martínez Martínez D. Fernando Otero Prieto. D. Manuel Rodríguez Doval. D ^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. <u>Non asisten con excusa:</u> D ^a Josefina Martínez Martínez. D ^a Maria Mercedes Grande Regueiro. <u>Sr. Secretario.:</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día vinte de novembro de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- EXPROPIACIÓN TERREOS: ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RIA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL (CLAVE OH:315.478), E PETICIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manfiestando que xa se explicou na Xunta de Portavoces, en que consistía este trámite, que consistía loxicamente en aprobar o anteproxecto, onde quedaba pendiente a redacción do proxecto definitivo por parte de COPASA, e o trámite de información pública onde todos aqueles veciños, fundamentalmente



da zona de Cernal e Estacas, loxicamente pois farían a alegación de acordó cun modelo que se lles facilitará desde o Concello; que se o propietario manifesta a disconformidade á planta do proxecto á executar e asemesmo solicita que a mesma se axuste na medida do posible ó vial existente, así como os peches actuais para que efectivamente se aprobe esta Alegación no Pleno por parte dos membros da Corporación, e en consecuencia COPASA como xa tiñamos acordado a incorpore ó proxecto definitivo.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Portavoz do Grupo Municipal do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando: Que hai agora exactamente un ano, en concreto o día 29 deste mes, cumprese un ano do primeiro debate que tivemos aquí neste Pleno a respecto deste importante proxecto, comenzabase daquela un procedemento que nos entendíamos que debería combinar dúas ideas fundamentais que era o que nos pedíamos como BNG, que era que houbera a información necesaria tanto no seno da Corporación como no conxunto dos afectados, e despois que no procedemento das expropiacións que conseguimos desde o maior respecto naturalmente a toda a xente afectada que se conseguirá facer da maneira máis áxil e máis rápida posible, se recordara que nos daquela lle dixemos o equipo de goberno, que a pesar de que non formamos parte do equipo de goberno vamos a actuar non soamente como si estiveramos nel senón incluso si cabe como máis interés. Hai un ano decía que levamos a Pleno o compromiso de posta a disposicións dos terreos e o compromiso tamén a través dun convenio de colaboración dos Concellos para facer o sistema o expediente de expropiacións. Nos fixemos fincapé fai un ano como así consta reflectico na acta do 29 de novembro de 2007, na necesidade que se incorporase no proxecto definitivo, posto que estábamos a falar un anteprojecto en aquel momento, unha solución para o núcleo de Chanteiro, que si ben era certo que o anteprojecto da EDAR o quedaba solución para o tres Concellos estaba xa redactado, era evidente que a solución de Chanteiro, singular levaba outro ritmo, pero en todo caso como sabíamos que o tema global non ía ir moi rápido, pois que se procurase a incorporación. Nos dixemos en aquel momento porque vivimos un proceso similar cando se ía facer o saneamento de Chanteiro, que estes procesos son lentos e son complexos e a pesar de todo eso demoslle a nosa aprobación confiando que esas peticións que fixemos en canto a participación e axilidade se tiveran en conta, naturalmente e como xa dixemos en algún momento tamén neste Pleno despois daquela, nos fixemolo por un xesto de xenerosidade e responsabilidade pero non era un cheque en branco, porque naturalmente hai unha parte da posta en marcha das iniciativas referentes a este proxecto, que non lle corresponden á oposición, que lle corresponden ó grupo de goberno, e polo tanto a nosa disponibilide e a nosa conformidade vai tamén unida a que se nos de información e participación. E temos que dicir como xa dixer, que para o Bloque Nacionalista Galego non se cumpriron as expectativas e os compromisos que pensábamos estaban claros na Corporación.



Hai agora sete meses, foi xustamente a raíz dunha Moción que presentou o Bloque Nacionalista Galego ó Pleno da Corporación, que finalmente foi aprobada, onde intentamos reconducir, non por un intento de protagonismo como se dixo aquí, senón porque efectivamente e os feitos o demostraron o procedemento non ía ben encauzado, foi unha moción do BNG a que se encargou de traer ó Pleno unha proposta para reconducir o proceso, e fundamentalmente para garantir, a seguridade xurídica a todas aquelas personas afectadas que estaban vendo como había unha empresa que lles entraba nas súas fincas, que tomaba medidas, sen que aquí se soupe como estaba o proxecto expropiatorio. Fixemolo por unha parte para que se reconducira eso e tamén para que se introduciran as modificacións necesarias no proxecto de execución que tiña que redactar a empresa á que se lle deu o Contrato, que xa sabíamos que era a redacción do proxecto de execución, a execución do proxecto e digamos o mantemento das instalacións. A propia convocatoria do Pleno de hoxe foi tamén bastante rara por dicilo dunha maneira na que nos entendamos, primeiro se nos convoca a unha Comisión Informativa para debatir este tema, con esa convocatoria de Comisión Informativa viña a convocatoria dun Pleno, cando xa estábamos con esa convocatoria chega unha desconvocatoria da Xunta de Portavoces e chega tamén unha desconvocatoria do Pleno. O argumento según se nos di por parte da Secretaria, é como xa se estaba coa redacción do proxecto de execución por parte COPASA ou da UTE, parecía que non tiña moito sentido aprobar o documento de expropiacións en base a un anteprojecto que a curto prazo xa non ía ser, posto que ía ser cun proxecto que posiblemente variase algo. O certo é que despois volveuse a convocar a Xunta de Portavoces e este Pleno e estamos aquí debatindo isto. Estamos aquí debatindo isto cun anteprojecto que é o que tiñamos hai un ano, estamos co mesmo anteprojecto sen variar, que non incorpora a solución para Chanteiro, e estamos cun proceso expropiatorio que vai a començar, cando desde o noso punto de vista casi teríamos que estar cun proceso casi rematado si fixeramos as cousas polo libro. Se o final as expropiacións se fan cun anteprojecto que tiñamos hai un ano, a pregunta é ¿Por qué perdimos tanto tempo neste proxecto expropiatorio?. Nos entendemos que as veces non se lle quere dar información, participación e protagonismo ó Pleno, cando despois todos os temas teñen que vir ó Pleno, e ten que ser a Corporación quen se ten que manifestar, e quero recordar aquí ademais, que estamos nunha Corporación que non ten maioría absoluta, e este tipo de proxectos e actuacións deberán ser levados coas dúas máximas que nos pedimos aquí hai exactamente un ano, que eran a máxima información e a máxima participación. En todo caso eu creo que evidente desde hai un ano ata hoxe, non se pode dicir que fora o Bloque Nacionalista Galego o que lle puxera paos á roda, a situación desta lentitude deste proceso non é resultado de debates que tivemos na Corporación, nin de acordos que non se poideron dar por culpa do noso grupo, senón todo o contrario. En todo caso que facer a día de hoxe, é bastante evidente, que estamos diante dun proceso que non foi como debería de ir, pero nos vamos sendo moi críticos con todo este proceso, a día hoxe hai cousas que non son discutibles, despois dun ano estamos aquí dicindo o que dicíamos hai un ano e co mesmo problema por resolver que é o expediente expropiatorio; pero o mesmo tempo que somos críticos vamos a



ser consecuentes, nos dixemos que estamos diante dun proxecto fundamental para o futuro do Concello de Ares, tamén para o de Fene e o de Mugar dos, dixemos que era urxente o proceso expropiatorio porque sen eso non hai obra, e isto foi o que machacamos, parece que non o quería ver e ó final tivo que ser así, e dixemos que había que facer notificación os interesados para garantirles a seguridades sobre as súas fincas e todo o proceso expropiatorio, e vamos a inicialo todavía agora; hai que publicalo etc. Etc.

Nos vamos a aprobalo expediente expropiatorio como o indudablemente lle houbermos dado hai cinco meses ou hai un ano, cando se tivese presentado, pero evidentemente non somos nos os que traemos os temas a Pleno. Pero xa adianto que conxuntamente a ese proceso que se abre agora o cal nos lle vamos a dar o noso favorable, xa adianto que vamos a presentar alegacións, en dous sentidos, no sentido de corrección daquelas partes do proxecto que minimicen o impacto en fincas de particulares, polo tanto no que se poida modificar e minimizar o impacto en fincas para nos moito mellor, e despois tamén para que efectivamente no proxecto definitivo se lle de unha solución ó Saneamento e Abastecemento do núcleo de Chanteiro, porque agora estamos nesa fase, podemos facelo perfectamente.

Temos unha dúbida que aclarou o Sr. Secretario, e estivo ben que a aclarar, que é a seguinte: o novo proxecto que está redactando á empresa adxudicataria pode levar modificacións ó anteprojecto que aprobamos hoxe aquí, modificacións que poden levar a que non pasen por sitios que estaba previsto ou que pasen por outros que non estaban previstos, eu non o sei, introducimos esa incognita hai, en calquera caso, é bastante evidente, e propio documento do Sr. Secretario o acredita, que no suposto que como resultado do novo proxecto se incluíra algunha finca que non estivese afectada, teríamos que facer un novo expediente expropiatorio. E outra dúbida que temos é o tema da redacción do proxecto definitivo, nos non non somos técnicos, non estamos participando hai, non sabemos con criterio COPASA ou UTE da que forma parte COPASA está facendo as modificacións, pero en calquera caso sería bo, que cando nos resolvamos aquí as alegacións, saibamos en que línea vai o proxecto definitivo que redacta COPASA, porque senón sería experpentico que aquí lle aprobemos unas modificacións ó anteprojecto, e despois o proxecto definitivo que faga COPASA non teña que ver, nin co anteprojecto orixinal, nin co anteprojecto coas modificacións que nos lle incluimos e que nos encontremos cun problema, facemos esas incognitas, e e certo que na parte na que estamos e á lectura do propio informe do Sr. Secretario, creo que o deixan bastante claro.

E finalmente quero facer unha consideración, no tema das expropiacións e certo o que dixo o Sr. Alcalde no principio da súa intervención, que hai un interés en ter en conta en propiciar unha solución para os veciños do Cernal, pero tamén para o resto, posto que hai seiscentos e pico veciños afectados do Concello de Ares, algúns non estarán moi afectados porque pasa por camiños, pero a outros lles colle a finca, eu digo que moi ben os veciños que



viñeron aquí que se lles entregou o proxecto, hai outros que non o coñecen que o van a coñecer agora, en todo caso procuraremos que a afectación se mínimice nos veciños do Cernal, de Simou, de Cervás etc., onde se lle podan dar solucións satisfactorias para un trazado que nalgún caso pensamos nos que é bastante agrevisvo e que se poida minimizar sin paralizar as obras e sen ralentizalas. Reitero que a nosa posición vai a ser favorable, e reitero tamén que o BNG en canto o proxecto se expoña a información pública presentará as alegacións que estime oportunas, moitas grazas.

Toma a palabra o Portavoz de NAL, Sr. D. Luis Cendán Fernández, manifestando que brevemente por explicar a situación que nos levou a este Pleno, dicir que é verdade que o principio existeu algunha dúbida con respecto á convocatoria, unha vez aclarados os motivos según se nos explicou por parte do Sr. Alcalde o por parte do Sr. Secretario en canto o procedimientto e á espera da empresa adxudicataria do proxecto en traer unha proposta, que sería o desexable ter unha proposta do acordo que ademáis acordamos aquí que a afectación e impacto de expropiación dos terreos que se citaron, pois o deseable sería que tiveramos a proposta da empresa de cómo ían a quedar definitivamente. Por outra parte sabemos que esto é un anteprojecto que non ten nada que ver co proxecto definitivo, si ben despois do que se desprende do informe do Sr. Secretario na que nos dí que o anteprojecto onde se contempla a afectación das expropiacións non se pode variar, si se pode en canto a incidencia de minorizar o impacto, pero non facer outra variación porque senón nos levaría outra vez a iniciar o procedimientto, polo tanto creo que aclarado esto, que era a meu entender o que se debería de expoñer, para que todos tivesemos claro como estaba a situación a dia de hoxe, eu volvo a reiterar prefería a proposta por parte da empresa de cómo ía a quedar o trazado, das expropiacións, que a tiveramos xa nestes intres no noso poder para estudar, ou polo menos para ter coñecemento de cómo vai quedar definitiva aínda que por outro lado como se nos explicou, esto non ten nada que ver co proxecto definitivo e que eso se vai a contemplar unha vez que nos aprobemos isto. E verdade que se produciron dúbidas, polo menos pola miña parte, e así o fixen constar na Comisión Informativa, foron aclaradas esas dúbidas, e polo tanto a miña posición vai a ser voto favorable, o proxecto definitivo e outro tema, espero que nel veña recollido o compromiso que por parte da Corporación se lle encargou á empresa adxudicataria e meu voto vai a ser favorable.

Interven o Portavoz do Partido Popular, Sr. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que vai a empezar dicindo que estamos ante a obra máis importante que vamos a ter nos próximos anos no Concello de Ares, despois da transformación deste Concello nun concello turístico, o máis fundamental e prioritario que temos agora, e o saneamento das praias e do Concello, eso é fundamental temos que traballar todos a unha neste tema, sabemos que agora estamos nun proceso de expropiación; cando viu o anteprojecto nos xa



vimos que en zonas se podía estreitar e mirar que a afectación dos veciños sexa a menor posible, o intereses da Corporación entendo que é afectar os veciños o menos que sexa, esa vai a ser a intención e nos non vamos a pasar por outra posición que non sexa esa. Que a partir da aprobación deste expediente e depois dos quince días que teñen os veciños para facer alegacións, que se reuna a Xunta de Portavoces e ir estudiando alegación por alegación, e darlle unha solución o máis satisfactoria posible para os veciños, e facer o impacto menos agresivo para os propiedades, estamos de acordo co BNG co tema de incluír o tema de Chanteiro, podemos incorporalo e algo máis, podemos negocialo coa Consellería de Medio Ambiente, creo que nos somos bastante respetuosos co resto dos Concellos, vamos a levar a carga das expropiacións e a carga da EDAR, e creo que despois dunha baixa tan importante que tivo esta obra, baixa que é próxima o 50%, que se comporten e nos fagan en Chanteiro o Saneamento e a Auga, creo que non é pedir nada demáis, creo que xa está todo dito, nos vamos a darlle o si a este tema, e no nas expropiacións espero e desexo que participemos todos e que podamos entre todos quitar esto adiante, non intentar dilátalo e unha obra fundamental para o futuro de todos nos, e creo que se hai boa vontade isto seguirá adiante e non haberá ningún problema.

Rematado o debate o Sr. Alcalde somete o asunto a votación e o Pleno da Copración por unanimidade acorda adoptar o seguinte acordó:

1º.- Aproba-lo anteproxecto de construción e explotación: actuacións de saneamento na zona norte da Ría de Ares, e na zona sur da Ría de Ferrol (Clave:OH.315.478) redactado por PROYFE S.L., considerando de utilidade pública.

2º.- Incluir esta obra dentro do Plan de Obras e Servizos desta Corporación ós efectos previstos polo artigo 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Aproba-la separata de expropiacións dos bens e dereitos afectados pola execución do anteproxecto "Saneamento na zona norte da Ría de Ares e na zona sur da Ría de Ferrol".

4º.- Someter o expediente a información pública polo prazo de quince días coa publicación no B.O.P. e no Taboleiro de Edictos do Concello, concedendo audiencia ós interesados advirtíndolles que ata o día do levantamento da acta previa á ocupación poderán formular alegacións que estimen oportunas, así como remitir copia do expediente ó Ministerio Fiscal a teor do previsto na Lei 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa para as parcelas de titularidade descoñecida.



5º.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación en base ós motivos que a continuación se describen consonte a Orde do 7 de decembro de 1983 sobre a urxente ocupación de bens en expropiacións das Corporacións Locais e ó abeiro do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as once horas e trinta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,